

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13114 *Lei 23/2011, do 29 de xullo, de depósito legal.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

O patrimonio bibliográfico, sonoro, visual, audiovisual e dixital das culturas de España é un dos máis ricos e representativos do mundo e debe ser preservado en beneficio das xeracións presentes e futuras. Para que este poida ser accesible a todos os cidadáns e contribúa ao desenvolvemento cultural, social e económico de España como sociedade libre e democrática, cómpre contar coa colaboración de editores, impresores e produtores, así como do mundo bibliotecario, cuxa actuación conxunta resulta imprescindible para conservar ese patrimonio, nuns casos, cedéndolles en depósito ás administracións públicas exemplares ou copias de todos os recursos de información creados en calquera soporte ou medio que se distribúa publicamente e, noutros, xestionando a accesibilidade universal a eses recursos.

Inicialmente concibido só como unha figura de control bibliográfico nacional, o depósito legal pasou a se configurar nos Estados democráticos como un servizo público gratuíto ao sector editorial para subministrar orixinais de obras en dominio público, e como unha garantía da liberdade de expresión e do acceso á información dos cidadáns e, coa chegada da sociedade do coñecemento, como unha peza do desenvolvemento económico e social dun país.

A figura do depósito legal foi introducida en España por primeira vez en 1616 para as obras impresas na Coroa de Aragón e en 1619 para as obras impresas na Coroa de Aragón e o Reino de Castela, cando Filipe III, por Real decreto do 12 de xaneiro, lle concede á Real Biblioteca do Escorial o privilexio de recibir un exemplar de cantos libros se imprimisen. Filipe V amplía este privilexio mediante Real cédula do 26 de xullo de 1716 á acabada de fundar Librería Real, hoxe Biblioteca Nacional de España.

Desde aquela data foi unha preocupación constante o cumprimento desta obriga, dando lugar a diversas e sucesivas disposicións. O Decreto do 23 de decembro de 1957 ampliou a variedade dos materiais suxeitos ao depósito legal e previu a incorporación doutros recursos daquela inexistentes. Co número de depósito legal e o sistema administrativo desenvolvido para o seu control, conseguiuase por primeira vez un cumprimento eficaz do depósito dos materiais.

No ámbito internacional foron varios os estudos auspiciados pola UNESCO, sempre na liña do afondamento e universalización do depósito legal, así como a actividade levada a cabo no mesmo sentido e sistematicamente pola Federación Internacional de Asociacións e Institucións Bibliotecarias (IFLA).

Así mesmo, as formas de expresión intelectual e artística evolucionaron, creáronse novos medios de publicación e hoxe en día as publicacións electrónicas forman parte habitual de moitos patrimonios nacionais de obras publicadas, facendo imprescindible a revisión das normativas sobre depósito legal.

Como novidade no caso que nos ocupa, cómpre salientar que a lei introduce un cambio de adaptación á realidade do mundo das publicacións, que se basea no novo papel que se lle atribúe ao editor. A presenza do editor como suxeito depositante principal vai significar unha gran mellora das coleccións custodiadas polos centros depositarios, xa que permitirá que os documentos ingresen íntegros, que as publicacións seriadas non queden faltas de fascículos e, finalmente, que se ingrese todo o que se edita en España, mesmo cando non fose producido no seu territorio. Ademais, permitirá que as coleccións das bibliotecas autonómicas respondan á súa realidade editorial.

Por outra banda, convén insistir nas vantaxes que o depósito legal ten para os obrigados a constituílo, dada a súa repercusión no incremento da visibilidade e publicidade das súas publicacións, o mellor control bibliográfico que proporciona e a garantía a longo prazo da dispoñibilidade do seu material, o que pode ter notable valor cando o orixinal se perdeu ou destruíu.

Tamén cómpre destacar que se buscou compatibilizar a prestación do servizo público da institución xurídica do depósito legal coa redución das cargas administrativas ao diminuír substancialmente o número de exemplares que o sector editorial debe fornecer á Administración.

Outro aspecto innovador desta lei é que recolle o depósito dos novos soportes da edición e dos documentos en rede. No ámbito da Unión Europea propúxose e recomendouse a adopción de iniciativas por parte dos Estados membros no campo da conservación dixital do material cultural. As institucións da Unión advertiron sobre os desafíos que presenta o depósito do patrimonio bibliográfico, sonoro, visual, audiovisual e dixital nun contorno dixital e propuxeron solucións cuxo obxectivo é a exploración de novas técnicas de recollida de material en liña con fins de difusión e conservación.

Neste contexto, a Estratexia Europa 2020 e as súas iniciativas emblemáticas, entre outras, a Axenda Dixital Europea e a Estratexia de Innovación, recollen o impulso que desde as principais institucións europeas se lle pretende dar á conservación de contidos dixitais con vistas a lles garantir o seu acceso ás xeracións futuras. Deste modo, nesta lei recóllense os supostos tanto das publicacións en forma de exemplares dixitais tanxibles, como as publicacións difundidas unicamente a través de redes electrónicas.

En España, á necesidade de renovación de contidos normativos súmase a de adecuar o ordenamento xurídico do depósito legal ao Estado das Autonomías e á distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. Así mesmo, a Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, puxo de manifesto a importancia de elaborar unha lei sobre a materia que se adaptase a estas novas circunstancias. Deste modo, na súa disposición adicional primeira, dise que o Goberno, no prazo máximo dun ano, remitirá un proxecto de lei para adaptar a normativa vixente á realidade do Estado das Autonomías, á aparición de novos soportes e aos cambios producidos no sector editorial.

II

O artigo 149.2 da Constitución española constitúe título competencial para a actividade do Estado en materia de depósito legal, pois dispón que, «sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial e facilitará a comunicación cultural entre as comunidades autónomas, de acordo con elas».

A regulación que se fai do depósito legal nesta lei configúrao non só como unha prestación patrimonial pública, senón que cifra a súa esencia e verdadeira finalidade na reunión, conservación e difusión das publicacións do patrimonio bibliográfico, sonoro, visual, audiovisual e dixital das culturas de España. Para estes efectos, é cuestión pacífica na doutrina xurídica que os bens que pola súa natureza constitúen ese patrimonio forman parte do patrimonio cultural dun país e, por tanto, do xenérico concepto constitucional da «cultura», e é baseándose nisto como se articula esta renovación normativa e o cambio de suxeito obrigado principal ao depósito legal, trasladando ese protagonismo do impresor ao editor.

A lei adopta tamén instrumentos para prover o Estado da información necesaria para nutrir as súas estatísticas en materia de produción editorial, que se alimentan dos materiais efectivamente conservados pola Biblioteca Nacional de España e que conta co amparo constitucional previsto no artigo 149.1.31.^a da Constitución española.

Na Biblioteca Nacional de España elabórase igualmente, con distintos criterios pero sobre os mesmos materiais, a Bibliografía española, rexistro exhaustivo das publicacións producidas e distribuídas en España. Este rexistro, de carácter informativo e nutrido dos materiais e datos proporcionados polas comunidades autónomas, presenta pola súa parte os trazos definidos pola xurisprudencia constitucional para caracterizar os rexistros centrais de carácter informativo (STC 197/1996, do 3 de xaneiro de 1997).

Pola súa banda, o artigo 149.1.28.^a da Constitución española fundamenta a competencia do Estado en materia de museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das comunidades autónomas.

Así mesmo, e como se especifica na Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, o artigo 149.1.9.^a da Constitución española achega outro título competencial do Estado na materia, na medida en que o depósito legal ten por misión fundamental a preservación da cultura, facendo posible que calquera persoa poida acceder ao patrimonio cultural, intelectual e bibliográfico, ao tempo que coadxuva á protección dos dereitos de autor no ámbito da propiedade intelectual.

A lei conta con 20 artigos agrupados en cinco capítulos, tres disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

O capítulo I establece as disposicións relativas á institución do depósito legal e os seus obxectivos, así como unha serie de definicións para os efectos desta lei.

O capítulo II refírese á obriga do depósito legal e sinala cales son as publicacións obxecto do depósito legal, así como os suxeitos obrigados a este; contén, ademais, unha especificación relativa ás publicacións electrónicas en liña.

O capítulo III refírese á administración do depósito legal e ás institucións implicadas nela, como son os centros de conservación e as oficinas de depósito legal.

O capítulo IV determina as disposicións relativas á constitución do depósito legal e ao número dese depósito, cunha consideración específica sobre as publicacións electrónicas.

O capítulo V establece, en último lugar, o réxime de infraccións e sancións.

A disposición adicional primeira regula os convenios de colaboración.

A disposición adicional segunda prevé o establecemento dun instrumento de participación dos sectores afectados en materia de depósito legal.

A disposición adicional terceira considera o suposto en que existirá obriga de entregar un exemplar ás bibliotecas públicas que determinen as comunidades autónomas con lingua cooficial.

A disposición derogatoria única derroga todas as normas de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta, así como as disposicións regulamentarias actualmente vixentes que constitúen o dereito estatal na materia.

A disposición derradeira primeira establece cales son os títulos competenciais habilitantes para a aprobación desta lei, mentres que a disposición derradeira segunda regula a habilitación normativa ao Goberno para que este dite cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento da lei no ámbito das súas competencias. A disposición derradeira terceira prevé a regulación regulamentaria do procedemento de constitución do depósito de publicacións electrónicas.

Por último, a disposición derradeira cuarta regula a entrada en vigor do texto legal.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto desta lei.*

Esta lei ten por obxecto regular o depósito legal, que se configura como a institución xurídica que lles permite á Administración xeral do Estado e ás comunidades autónomas recoller exemplares das publicacións de todo tipo reproducidas en calquera clase de soporte e destinadas por calquera procedemento á súa distribución ou comunicación pública, sexa esta gratuíta ou onerosa, coa finalidade de cumprir co deber de preservar o patrimonio bibliográfico, sonoro, visual, audiovisual e dixital das culturas de España en cada momento histórico, e permitir o acceso a este con fins culturais, de investigación ou información, e de reedición de obras, de conformidade co disposto nesta lei e na lexislación sobre propiedade intelectual.

Artigo 2. *Obxectivos do depósito legal.*

Son obxectivos do depósito legal:

1. Recompilar, almacenar e conservar, nos centros de conservación da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas, as publicacións que constitúen o patrimonio bibliográfico, sonoro, visual, audiovisual e dixital español, con obxecto de preservalo e legárllelo ás xeracións futuras, velar pola súa difusión e permitir o acceso a el para garantir o dereito de acceso á cultura, á información e á investigación.
2. Recoller a información precisa para confeccionar as estatísticas oficiais sobre o patrimonio de referencia.
3. Describir o conxunto da produción bibliográfica, sonora, visual, audiovisual e dixital española, co fin de difundila, e posibilitar o intercambio de datos con outras axencias ou institucións bibliotecarias españolas e estranxeiras.
4. Permitir o acceso e a consulta das publicacións almacenadas, ben nas instalacións dos propios centros de conservación ou ben a través de bases de datos en liña de acceso restrinxido, asegurando a súa correcta conservación e respectando en todo caso a lexislación sobre propiedade intelectual; protección de datos; da lectura, do libro e das bibliotecas; accesibilidade; así como o disposto nesta lei.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos desta lei, enténdese por:

Documento: toda información ou contidos, calquera que sexa o seu soporte ou formato, así como a súa natureza ou a forma de expresión utilizada (gráfica, sonora, visual, audiovisual, multimedia, etc.).

Documento electrónico: información ou contido de calquera natureza en soporte electrónico, arquivado cun formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado.

Dominio da internet: espazo na internet dunha empresa, organización, ou dunha persoa física, asociado a un nome ou a un enderezo, que permite que a súa información ou contido, produtos ou servizos, sexan accesibles.

Edición: todos os exemplares dun recurso bibliográfico, sonoro, visual, audiovisual e dixital producidos substancialmente desde o mesmo orixinal e editados pola mesma axencia ou grupos de axencias ou por unha persoa.

Edición paralela: conxunto de exemplares dun documento que co mesmo contido se publican en soportes distintos, tales como revista en papel e microficha, bases de datos en CD e en liña.

Editor: persoa natural ou xurídica que, por conta propia, elixe ou concibe obras literarias, científicas e en xeral de calquera temática, e realiza ou encarga os procesos

industriais para a súa transformación en libro ou noutro recurso, calquera que sexa o seu soporte, coa finalidade da súa publicación e difusión ou comunicación.

Exemplar: cada unidade completa dentro dunha edición.

Impresión baixo demanda: exemplar ou exemplares dunha edición realizados para responder a pedidos concretos.

Impresor: persoa natural ou xurídica que, contando coas instalacións e medios técnicos necesarios, se dedica, exclusiva ou principalmente, á realización e impresión de libros en papel ou en calquera outro soporte susceptible de lectura.

Libro: obra científica, artística, literaria ou de calquera outra índole que constitúe unha publicación unitaria nun ou varios volumes e que pode aparecer impresa ou en calquera soporte susceptible de lectura. Enténdense incluídos na definición de libro, para os efectos desta lei, os libros electrónicos e os libros que se publiquen ou se difundan pola internet ou noutro soporte que poida aparecer no futuro, os materiais complementarios de carácter impreso, visual, audiovisual ou sonoro que sexan editados conxuntamente co libro e que participen do carácter unitario deste, así como calquera outra manifestación editorial.

Mancheta: lugar que, nas publicacións periódicas, proporciona os datos principais de identificación da publicación.

Produtor: persoa física ou xurídica que asume a iniciativa, a coordinación e o risco económico da produción de obras e contidos sonoros, visuais, audiovisuais ou dixitais.

Publicación electrónica: información ou contido de calquera natureza, nun soporte electrónico, arquivado cun formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado, que sexa obxecto de difusión.

Publicación periódica: toda publicación de calquera natureza que aparece, se distribúe ou comunica de forma continuada cunha periodicidade establecida.

Publicación seriada: toda obra científica, literaria ou de calquera índole que aparece ou se comunica de forma continuada, editada nunha sucesión de números ou partes separadas, que leva normalmente unha numeración e que non ten unha duración predeterminada.

Recurso: unha entidade, tanxible ou intanxible, que recolle o contido intelectual, artístico ou de calquera índole e que está concibida, producida ou editada como unha unidade.

Recurso continuado: publicación que se edita ao longo do tempo, sen duración predeterminada. Inclúe as publicacións seriadas e os recursos integrables ininterrompidos.

Recurso integrable: publicación que se completa ou modifica por medio de actualizacións, que non permanecen separadas, senón que se integran nun todo. Poden ser finitos ou continuados. As follas soltas actualizables e os sitios web actualizables constitúen recursos integrables.

Recurso multimedia: recurso constituído por dous ou máis medios distintos ou por formas distintas dun mesmo medio e que está concibido para se usar como unha unidade.

Reedición: edición que se distingue das anteriores por algunhas modificacións introducidas no contido ou na presentación.

Sitio web: punto de acceso electrónico formado por unha ou varias páxinas electrónicas agrupadas nun dominio da internet.

Soporte tanxible: soporte físico dunha obra ou contido, como papel, disco, etc.

Soporte non tanxible: soporte virtual dunha obra ou contido difundidos a través de redes electrónicas.

Versión: forma dun documento que foi modificado sen cambiar a súa identidade.

CAPÍTULO II

Da obriga do depósito legal

Artigo 4. *Publicacións obxecto de depósito legal.*

1. Son obxecto do depósito legal todo tipo de publicacións, producidas ou editadas en España, por calquera procedemento de produción, edición ou difusión, e distribuídas ou comunicadas en calquera soporte ou por calquera medio, tanxible ou intanxible.

2. En todo caso, e sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, consideraranse obxecto de depósito legal as edicións, reedicións, versións, edicións paralelas e actualizacións das publicacións de signos, sinais, escritos, sons ou mensaxes de calquera natureza, incluídas as producións sonoras, audiovisuais, e os recursos multimedia e electrónicos.

3. O depósito legal comprenderá os seguintes tipos de publicacións e recursos, ou a combinación de varios deles formando unha unidade:

- a) libros e folletos en papel, calquera que sexa a súa forma de impresión e estean ou non destinados á venda,
- b) follas impresas con fins de difusión que non constitúan propaganda esencialmente comercial,
- c) recursos continuados tales como publicacións seriadas, revistas, anuarios, memorias, diarios, e recursos integrais, como as follas soltas actualizables,
- d) partituras,
- e) estampas orixinais realizadas con calquera técnica,
- f) fotografías editadas,
- g) láminas, cromos, naipes, postais e tarxetas de felicitación,
- h) carteis anunciadores e publicitarios,
- i) mapas, planos, atlas, cartas mariñas, aeronáuticas e celestes,
- j) libros de texto de Educación Infantil, Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e dos de ensino de Formación Profesional,
- k) documentos sonoros,
- l) documentos audiovisuais,
- m) microformas,
- n) documentos electrónicos en calquera soporte, que o estado da técnica permita en cada momento, e que non sexan accesibles libremente a través da internet,
- ñ) sitios web fixables ou rexistrables cuxo contido poida variar no tempo e sexa susceptible de ser copiado nun momento dado,
- o) copia nova dos documentos íntegros, en versión orixinal, de toda película cinematográfica, documental ou de ficción, realizada por un produtor con domicilio, residencia ou establecemento permanente no territorio español e un exemplar do material publicitario correspondente.

Artigo 5. *Publicacións excluídas do depósito legal.*

Non serán obxecto de depósito legal as seguintes publicacións:

- a) documentos das administracións públicas de carácter interno ou que resulten susceptibles de integración en expedientes administrativos,
- b) documentos de institucións e organizacións, incluídas as empresariais, que versen unicamente sobre asuntos internos e estean dirixidas ao persoal destas, tales como circulares, instrucións ou manuais de procedemento,
- c) publicacións destinadas a concursos de promoción ou traslado dos corpos ou escalas das distintas administracións públicas,
- d) selos de correo,
- e) impresos de carácter social, como invitacións de voda e bautizo, notas necrolóxicas, tarxetas de visita, carnés de identidade, títulos ou diplomas,

f) impresos de oficinas, formularios, incluídos os oficiais, cuestionarios e enquisas non cubertas, excepto que complementen unha obra cuxo contido sexa técnico ou científico, por exemplo, un volume formado por unha recompilación de formularios adxunto a un libro sobre procedemento administrativo,

g) publicacións de impresión baixo demanda,
h) *dossiers* de prensa,
i) follas comerciais publicitarias,
j) catálogos comerciais de todo tipo,
k) calendarios e axendas,
l) obxectos tridimensionais, aínda que vaian adxuntos a un documento principal,
m) manuais de instrucións de obxectos, electrodomésticos, maquinaria, ou análogos,
n) todo produto dun sistema informático que conteña datos que afecten a privacidade de persoas físicas e xurídicas e cantos estean incluídos na normativa de protección de datos persoais, e

ñ) programas audiovisuais emitidos por prestadores do servizo de comunicación audiovisual, salvo que sexan obxecto de distribución.

Artigo 6. *Suxeitos obrigados a constituír o depósito legal.*

1. Están obrigados a constituír o depósito legal os editores que teñan o seu domicilio, residencia ou establecemento permanente en territorio español, calquera que sexa o lugar de impresión.

2. Cando o editor non resida ou teña sucursal en España ou nos casos en que por razón do tipo de recurso así proceda, o depósito deberá ser realizado polo produtor, impresor, estampador ou gravador, que teña domicilio, residencia ou establecemento permanente en España.

Artigo 7. *Suxeitos obrigados a solicitar o número de depósito legal.*

Están obrigados a solicitar o número de depósito legal os editores dunha obra publicada nun formato tanxible. De non o ter solicitado o editor obrigado, deberao facer, no seu defecto, o produtor, impresor, estampador ou gravador, nesta orde.

Artigo 8. *Suxeitos obrigados a constituír o depósito legal no caso de documentos electrónicos e sitios web.*

1. A responsabilidade do depósito legal dos documentos electrónicos a que se refire o artigo 4 desta lei recaerá no seu editor ou produtor.

2. Habilítanse os centros de conservación, tanto de titularidade estatal como autonómica, a detectar e reproducir documentos electrónicos que fosen obxecto de comunicación pública e os sitios web libremente accesibles a través de redes de comunicacións que poidan resultar de interese para os fins do depósito legal, respectando en todo caso a lexislación sobre protección de datos e propiedade intelectual. Exonéranse os editores de sitios web aos cales se refire o artigo 4 desta lei do deber de depósito legal.

CAPÍTULO III

Da administración do depósito legal

Artigo 9. *Centros depositarios e de conservación.*

1. Son centros depositarios as oficinas de depósito legal que determinen as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

2. Son centros de conservación a Biblioteca Nacional de España e os que determinen as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

Artigo 10. *Biblioteca Nacional de España.*

1. A Biblioteca Nacional de España forma parte do Sistema Español de Bibliotecas de acordo co establecido na Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.

2. Correspóndelle á Biblioteca Nacional de España a elaboración da Bibliografía española, así como facilitar a información necesaria para elaborar a estatística das publicacións obxecto de depósito legal.

3. A Biblioteca Nacional de España exercerá a alta inspección e o seguimento do cumprimento da normativa sobre o depósito legal.

4. A Biblioteca Nacional de España é centro de conservación de, polo menos:

a) dous exemplares das primeiras edicións, reedicións de libros, folletos e recursos multimedia nos que polo menos un dos soportes sexa en papel,

b) un exemplar de cada unha das encadernacións, no caso de existiren diversas encadernacións dunha mesma edición,

c) dous exemplares de partituras, revistas, diarios e todo tipo de recursos continuados, así como de mapas, planos, atlas ou similares,

d) un exemplar dos boletíns oficiais que non estean dispoñibles en rede,

e) un exemplar dos libros de texto de Educación Infantil, Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e dos de ensino de Formación Profesional,

f) un exemplar dos libros de bibliófilo, entendendo por tales os editados en número limitado para un público restrinxido, numerados correlativamente e de alta calidade formal,

g) un exemplar dos libros artísticos, entendendo por tales os editados total ou parcialmente mediante métodos artesanais para a reprodución de obras artísticas, os que inclúan estampas orixinais (ilustracións executadas en forma directa ou manual), ou aqueles en que se utilizasen encadernacións de artesanía,

h) un exemplar das estampas orixinais realizadas con calquera técnica,

i) un exemplar das fotografías editadas,

j) un exemplar das gravacións sonoras,

k) un exemplar dos documentos audiovisuais,

l) un exemplar das publicacións electrónicas. No caso dos soportes de vídeo, de se realizar unha edición para a venda e outra para o alugamento, efectuarase o depósito do exemplar para a venda.

m) unha copia dos arquivos correspondentes dos documentos electrónicos sen soporte físico tanxible susceptibles de seren descargados en contornos autosuficientes,

n) un exemplar de microformas, e

ñ) un exemplar das postais de paisaxes e cidades.

5. Non se entregará ningún exemplar de láminas, cromos, naipes, tarxetas de felicitación e tarxetas postais, salvo as recollidas no parágrafo anterior; nin dos temarios de oposicións editados polas propias academias que imparten o ensino; nin exemplar ningún das aplicacións informáticas.

Artigo 11. *Oficinas de depósito legal.*

1. As oficinas de depósito legal das comunidades autónomas, ante as cales se fará efectiva a obriga de depósito legal dos exemplares descritos no artigo 4, serán as que faciliten os ditos exemplares aos centros de conservación mencionados no artigo 9 desta lei.

2. Os responsables das oficinas de depósito legal das comunidades autónomas exercerán a función inspectora na súa respectiva demarcación nos termos que estableza a normativa da súa comunidade autónoma, sen prexuízo da alta inspección que lle corresponde á Biblioteca Nacional de España.

CAPÍTULO IV

Da constitución do depósito legal*Artigo 12. Constitución do depósito.*

1. Os obrigados ao depósito legal deberán proceder á constitución deste ante a oficina de depósito legal que determine a comunidade autónoma en que teña a súa sede social o editor a través do sistema que establece esta lei, e sempre antes da súa distribución ou venda. En caso de incumprimento da obriga de depósito legal, a obra non poderá ser distribuída.

2. Cada publicación só poderá ter un número de depósito legal, sen prexuízo do previsto nos números 3 e 4 do artigo 14.

3. As obras deberán ser depositadas na súa integridade.

4. A prensa diaria e as publicacións periódicas serán consideradas como subscricións para garantir a entrega inmediata destas nas oficinas de depósito legal.

5. En caso da presentación dalgún exemplar incompleto ou defectuoso dunha obra sometida a depósito, o obrigado deberá depositar, logo de requirimento da oficina de depósito legal competente e no prazo que esta lle estableza, un novo exemplar completo e sen ningún defecto.

Artigo 13. Constitución do depósito de publicacións electrónicas.

1. Toda publicación electrónica será depositada de modo que non sexa necesaria a introdución de ningunha clave para a súa lectura e con todos os manuais, así como, de ser o caso, o software adxunto a esta, para os únicos efectos de investigación e conservación.

2. O suxeito depositante está obrigado a facilitar a información necesaria para transferir os datos do soporte orixinal ao soporte de conservación.

3. As publicacións electrónicas cuxo uso caduque no tempo deberán ser entregadas de modo que poidan ser consultadas sen límite de tempo.

Artigo 14. O número de depósito legal.

1. A persoa obrigada a realizar o depósito legal dunha obra publicada nun soporte tanxible solicitará o correspondente número de depósito legal antes de que finalice a produción ou impresión do documento.

2. O número de depósito legal estará composto das siglas DL, ou o que as comunidades autónomas determinen como equivalente, a sigla que lle corresponda a cada oficina, o número de constitución do depósito e o ano de constitución deste, en catro cifras. As diversas partes do número de depósito legal estarán separadas por un espazo, salvo o ano, que irá precedido dun guión. Ao finalizar cada ano, pecharase a numeración, que se iniciará de novo ao comezar o ano.

3. Manterán sempre un único número de depósito legal:

a) Os recursos continuados, publicacións periódicas, como diarios e revistas, publicacións seriadas e recursos integrables, aínda que a súa periodicidade sexa variable. No caso de que a entidade editora ou impresora, de ser o caso, cambie de domicilio, o número de depósito legal das publicacións recollidas neste punto deberase manter. Para estes efectos, manterán o mesmo número de depósito legal as publicacións periódicas que se difunden en varios soportes, sexan estes gráficos, electrónicos ou recursos integrables.

b) As obras en varios volumes.

Se unha obra consta de máis dun documento, cada un deles, sexa cal sexa o seu soporte, deberá ter o mesmo número de depósito legal.

4. Levarán o seu propio número de depósito legal as edicións paralelas en distintos soportes.

De existir máis dunha edición dunha mesma obra, cada unha delas levará un número de depósito legal diferente, a excepción das diferentes edicións dos diarios, que se publicarán baixo o mesmo número de depósito legal.

5. Toda publicación en formato tanxible levará o número de depósito legal nun lugar visible e identificable.

No caso das publicacións en formato de libro, o número de depósito legal deberá figurar na mesma folla de impresión que o ISBN, podéndose consignar no reverso da portada ou da contraportada da obra.

No caso das publicacións seriadas con formato de periódico, o número de depósito deberá figurar na manchetá.

6. Para as obras non publicadas en soporte físico tanxible, o Goberno establecerá a forma de asignación do número de depósito legal de acordo co identificador numérico estándar aceptado polos organismos internacionais competentes.

Artigo 15. *Execución subsidiaria do depósito legal.*

En caso de incumprimento da obriga de constitución do depósito legal, a Oficina de Depósito Legal, de oficio ou por instancia do órgano da comunidade autónoma competente en materia de depósito legal, requirirá a persoa responsable para que proceda a este no prazo máximo dun mes.

CAPÍTULO V

Das infraccións e sancións

Artigo 16. *Potestade sancionadora.*

1. A potestade sancionadora regulada nesta lei exercerase de conformidade co disposto nesta lei e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A potestade sancionadora corresponderalles aos órganos competentes das comunidades autónomas.

Artigo 17. *Responsables.*

Serán responsables de infraccións administrativas en materia de depósito legal as persoas que por acción ou omisión incorran nos supostos tipificados como infraccións nesta lei.

Artigo 18. *Infraccións leves.*

Constitúen infraccións leves:

a) A ausencia de constitución do depósito legal dunha publicación obxecto deste nos prazos e co número de exemplares que se requiren nesta lei.

b) A distribución de exemplares dunha publicación suxeita a depósito legal que careza do número correspondente ou que non fose obxecto de depósito.

Artigo 19. *Infraccións graves.*

Constitúen infraccións graves:

a) A manipulación fraudulenta ou dolosa do número de depósito legal.

b) A reincidencia na comisión de infracción leve.

c) A presentación de datos falsos polas persoas obrigadas a facilitalos para a constitución do depósito legal.

d) A obstrución á función inspectora.

e) A negativa dos responsables das publicacións electrónicas en liña de acceso restrinxido ou limitado a permitir o acceso aos centros depositarios ou aos que estes designen, para os efectos de cumprir coa súa función de depósito legal.

Artigo 20. *Sancións.*

1. Pola comisión dunha infracción leve imporase a sanción de multa de entre 1.000 e 2.000 euros, de acordo coa normativa autonómica correspondente.
2. Pola comisión de infraccións graves imporase a sanción de multa de entre 2.001 e 30.000 euros, de acordo coa normativa autonómica correspondente.
3. As contías destas infraccións poderán ser actualizadas polo Goberno de conformidade coa evolución do índice de prezos de consumo publicado oficialmente.
4. A imposición de sancións non exime da obriga de constituír o depósito legal.

Disposición adicional primeira. *Convenios de colaboración.*

Co obxecto de recoller materiais non suxeitos á obriga de depósito legal, promoverase a sinatura de convenios de colaboración cos editores, responsables do rexistro de dominio, para a súa recollida con destino aos centros de depósito previstos nesta lei.

Disposición adicional segunda. *Órgano de participación do sector.*

Crearase un órgano consultivo en materia de depósito legal no que estarán representados todos os sectores afectados, e cuxa composición e funcións se determinarán regulamentariamente. Entre as súas funcións incluírase, entre outras, a de proposta ás comunidades autónomas de actuacións coordinadas e de integración para o efectivo cumprimento dos obxectivos do depósito legal desta lei.

En todo caso, integrará ese órgano consultivo un representante de cada unha das comunidades autónomas e un representante da Xunta de Coordinación de Publicacións Oficiais da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional terceira. *Exemplares para bibliotecas públicas que determinen as comunidades autónomas con lingua cooficial.*

Os editores e no seu defecto ou, de ser o caso, o produtor, impresor, estampador ou gravador que produciñen materiais en calquera lingua oficial distinta á española, e mesmo cando a súa produción se levase a cabo nun territorio do Estado onde a única lingua oficial sexa a do conxunto do Estado, deberán entregar, así mesmo, un exemplar á biblioteca pública ou centro que determinen as comunidades autónomas con lingua cooficial.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei, e de forma expresa, no relativo ao depósito legal, a Orde do Ministerio de Educación e Ciencia do 30 de outubro de 1971 e a Orde do Ministerio de Educación e Ciencia do 20 de febreiro de 1973.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.2 da Constitución española, así como do artigo 149.1.31.^a para os preceptos que regulan a información estatística estatal.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Correspóndelles ao Goberno e ás comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Cando, por motivos de preservación do patrimonio bibliográfico, sonoro, visual, audiovisual e dixital español, se revele como necesario un aumento do número de

exemplares que se deban depositar na Biblioteca Nacional de España, ou na biblioteca pública ou centro que determine a comunidade autónoma como centro de conservación, ou cando as circunstancias técnicas ou culturais o aconsellen, oídos os sectores implicados, poderase determinar regulamentariamente un número diferente de exemplares.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

No prazo máximo dun ano, o Goberno, por proposta do titular do Ministerio de Cultura, regulará mediante real decreto e no ámbito das súas competencias, oídas as comunidades autónomas e os sectores implicados, o procedemento de constitución do depósito das publicacións electrónicas.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, salvo o disposto nos artigos 8, número primeiro, e 13, que entrará en vigor no momento da entrada en vigor do real decreto mencionado na disposición derradeira terceira.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO